



Xosé Lois Rey Muñiz, con enderezo a efectos de notificación no apartado de Correos nº 303 de Vilagarcía, provisto de D.N.I. nº 35.451.163K, actuando en nome e representación da SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL, asociación inscrita co nº 584.918 no Rexistro Nacional de Asociacións.

EXPÓN:

- Que en relación coa RESOLUCIÓN do 13 de abril de 2012 pola que se somete ao trámite de información pública o proxecto sectorial relativo ao aproveitamento hidroeléctrico no río Oitavén, denominado Salto de Eiras II, nos concellos de Ponte Caldelas, Fornelos de Montes e Soutomaior, provincia de Pontevedra (expediente PO/1/130).

- Que con data 23 de abril de 2011 esta entidade xa presentou un escrito sobre as afeccións a diversas especies animais, e moi especialmente quirópteros con máis dun cento de individuos e con cinco especies ocupando dito refuxio: *Miniopterus schreibersii* (Kuhl, 1819), *Rhinolophus ferrumequinum* (Schreber, 1774), *Myotis myotis* (Borkhausen, 1797), *Myotis daubentonii* (Kuhl, 1817) e *Myotis escalerai* Cabrera, 1904. Tres destas especies de morcegos están catalogadas como VULNERABLES no Catálogo Galego de Especies Ameazadas de Galicia e se atopan no ANEXO II (especies animais e vexetais de interese comunitario que para a conservación e necesario designar zonas especiais de conservación) da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e estan incluídas no Anexo II da Directiva 92/43/CEE, para os que é necesario designar zonas especial conservación e que son *Miniopterus schreibersii*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Myotis myotis* e tamén se atopan dúas das catro especies contempladas no *Plan de conservación dos morcegos cavernícolas* en proceso de elaboración pola Consellería de Medio Rural e que son *Miniopterus schreibersii* e *Rhinolophus ferrumequinum*.

- Que das cinco especies, *Miniopterus schreibersii* é a que presenta un maior número, con preto dun centenar de individuos, e a máis ameazada dado que só se coñece esta colonia para a provincia de Pontevedra e as colonias máis próximas estarían a uns 150 km nas provincias de Lugo e Ourense. Por todo isto, dito refuxio ten un alto valor de conservación para especie na provincia de Pontevedra, e a súa destrución implicaría probablemente a desaparición desta especie na provincia.

.../...



.../...

- Que o espazo onde se localiza o refuxio de morcegos, foi seleccionado no ano 2008 para a ampliación da Rede Natura 2000 dentro da Lista da Rexión Atlántica, contando co código de identificación ES1140021 LIC Río Verdugo-Oitavén, o que reflicte o valor ambiental da zona.

SOLICITA:

- Que se teña por presentado o presente escrito.
- Que dado acumulación de proxectos nesta zona (parques eólicos, minicentrais hidráulicas, ampliación de estradas, etc) e que afectan dun modo directo ou indirecto (perturbación á fauna en áreas de reprodución, tránsito, etc) segundo o Real Decreto Legislativo 1/2008, este proxecto precisaría dun estudo de impacto ambiental (artigo 3º).
- Que dada a incompatibilidade da actividade proxectada da construción da minicentral Eiras II coa conservación da zona aledaña a dito refuxio, e non representar unha necesidade social ou económica a produción de máis enerxía eléctrica en orixe de minicentraís, procédase a anulación do proxecto.

Agradecendo de antemán a atención prestada.

Vilagarcía, a vintetrés de san xoan de 2012.

O Delegado de SGHN-Pontevedra

Sdo.: Xosé Lois Rey Muñiz.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS.
AUGAS DE GALICIA - SERVIZOS CENTRAIS
SANTIAGO DE COMPOSTELA.**